XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfpee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es

UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

En relación co **Programa Operativo do Fondo Social Europeo (2007-2013)**, os centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que imparten ciclos formativos (ordinarios e de adultos relacionados coas TIC), ensinanzas modulares de ciclos formativos e programas de garantía social, así como aqueles centros públicos que desenvolven actuacións como: medidas de orientación, reforzo e apoio (MORA) e recoñecemento das competencias profesionais **deberán enviar** á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, **durante o mes de outubro,** a seguinte documentación:

- **Formulario 2**: Gastos directos de funcionamento (período 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2007).
- **Formulario 3**: Gastos indirectos de funcionamento (período 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2007).
- **Relación de gastos** (relación de facturas imputadas de acordo co capítulo 4 do Manual de xustificación de gastos).
- **Fotocopias das facturas (novidade con respecto á xustificación que se viña enviando)**
- Xustificantes de pago desas facturas **(novidade con respecto á xustificación que se viña enviando)**

NOTA: Os formularios pode atopalos no portal educativo, entrando por: centros>ferramentas>Documentos 2007-2013.
As fotocopias das facturas e xustificantes de pago pódense enviar en formato de arquivo *pdf*, en soporte CD. O resto dos formularios teñen que enviarse en papel e debidamente asinados.

Así mesmo, os centros que imparten ciclos formativos financiados con fondos FSE (ordinarios, de adultos ou modulares), os que imparten PGS de modalidade A e os que imparten Programas de Diversificación Curricular (PDC), **deberán enviar** tamén á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, **durante o mes de outubro,** a seguinte documentación:

- **Formulario 1**: datos do profesorado que imparte os ciclos formativos arriba indicados, datos do profesorado que imparte unicamente os PGS de modalidade A e datos do profesorado que imparte os ámbitos e materias específicas dos PDC. Os datos son referidos ao **curso 2007-2008** (O profesorado virá por separado para cada ciclo –ordinario, adultos, modular-, para cada PGS Mod.A e para cada PDC (3º ou 4º). Xunto co formulario deberase enviar tamén unha **copia dos horarios de cada profesor** e o **horario do grupo de alumnos da ensinanza á que se refire**).

NOTA: Os programas de diversificación curricular están regulados por Orde do 30 de xullo de 2007 (DOG do 21 de agosto).

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfpee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es

UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

Ademais, todos os centros **deberán enviar, á maior brevidade posible**, o formulario que se indica máis abaixo. Ata tanto non se reciba o formulario 5 non se tramitará o pago do 30% restante de gastos de funcionamento.

- **Formulario 5**: Datos de alumnado **curso 2007-2008**. Recolleranse os datos dos alumnos que están asistindo, neste momento, con regularidade ás clases. En cada unha das filas do formulario recollerase separadamente o nº de alumnos por curso de ciclos, PGS, PDC, agrupamentos flexibles e apoios educativos.

  NOTA: Por exemplo, se ten un PDC de 3º e un de 4º, recollerá nunha fila o alumnado de 3º e noutro os de 4º. No caso dos ciclos, recollerase nunha fila o alumnado de 1º curso e noutra o alumnado de 2º curso.

Coa finalidade de informar das novidades na xustificación de gastos do FSE, está previsto facer unha reunión a principios de outubro da que se enviará a oportuna convocatoria. Aqueles interesados en asistir a dita reunión deberán comunicalo antes do 4 de outubro enviando un correo electrónico ao seguinte enderezo: seaxe.ceoug@xunta.es, cos seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Cargo
- Centro educativo

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2007

O DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN
PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

XUNTA DE GALICIA * CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA * DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

Asdo.: Antonio Vázquez Vázquez

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

Sr./Sra. Director/a